



Información da mesa 13ª (12/03/19) do convenio colectivo estatal de infantil As patronais, desafiante e a modo de ultimato, fan unha proposta que rebaixa a súa anterior e mesturándoa coas dos demais sindicatos

Nesta 13ª mesa de negociación, **A BANCADA PATRONAL**, aproveitando a debilidade amosada polos demais sindicatos e o seu entreguismo polas propostas feitas á baixa na 12ª mesa (proposta CCOO e proposta UGT-FSIE-USO), comezan crecidas e cun ton desafiante na liña de que “coas vosas propostas a maior parte das escolas infantís pecharían, aínda son temerarias”.

A continuación presentan unha nova proposta onde recollen parte das aportacións da parte sindical antedita e completan coas súas propias en aras de chegar a un acordo:

Ámbito salarial: Para os **anos 2016, 2017 e 2018** mantemento dos salarios, é dicir, **conxelación**. Logo presentan a seguinte proposta salarial chamada “**subidas heteroxéneas por categorías profesionais**”:

	MESTRES - TITULADOS	EDUCADORES	RESTO DE PERSOAL
ANO 2019	Suba do 1,5%: 1% publicación en BOE e o 0,5% dende setembro	Suba do 4%: 3,3% dende a publicación no BOE e o 0,7% dende setembro. Complemento específico dentro do salario. Acabarían o ano con 916,45€	S.M.I. do 2019
ANO 2020	Suba do 1,5% dende setembro	Suba do 1,5% dende setembro	S.M.I. do 2020
ANO 2021	Suba do 1% dende setembro	Suba do 1% dende setembro	S.M.I. do 2021

O SMI dos 900€ segundo se recolle no R.D. Lei do goberno, o cal sería incluíndo outros complementos.

- **Eliminación da xornada semanal**, manténdose só a referencia da xornada anual como está.
- Con respecto á **Incapacidade Temporal** habería que modificala á baixa, dá problemas.
- Estabelecer unha nova **cláusula de inaplicación salarial** adaptada á normativa.
- Actualizar o **régime disciplinario**.

Como resposta, **POLA BANCADA SOCIAL**, dende CCOO, preguntan que pasa coa proposta de xestión indirecta. Engaden que de momento non se pronunciaban sobre a proposta da patronal e que nun principio non a compartían (só faltaría! e máis despois das “mobilizacións para dignificar

convenio”). Dende UGT din que non podían responder ao non estar o máximo responsable e que contestarían na próxima mesa. Por parte de FSIE ven a proposta moi lonxe da que fixeron con UGT e USO. Estudaran e contestarán na seguinte mesa. USO exprésase na mesma liña que os demais e dende CIG opinamos que isto é **insumíbel e inadmisíbel**.

Logo da negativa da parte social case unánime e dun receso moi longo, **A BANCADA PATRONAL** expón que se negociarán estas táboas e as de xestión indirecta, todo xunto e co convenio (este só adaptacións legais). Nun último esforzo, para chegar a acordo e asinar, “estamos dispostos a retirar os artigos da

xornada e a I.T. se aceptades esta nova proposta que vos propoñemos, senón volvemos e mantemos á anterior”.

	MESTRES - TITULADOS	EDUCADORES	RESTO DE PERSOAL
ANO 2019	Suba do 2% desde setembro	Suba do 5%: 3,3% dende a publicación no BOE e o 1,7% dende setembro. Complemento específico dentro do salario. Acabarían o ano con 925€	S.M.I. do 2019
ANO 2020	Suba do 2% dende setembro	Suba do 2% dende setembro	S.M.I. do 2020
ANO 2021	Suba do 1% dende setembro (revisable co IPC)	Suba do 1% mínimo dende setembro (revisable co IPC)	S.M.I. do 2021

O SMI dos 900€ segundo se recolle no R.D. Lei do goberno, o cal sería incluíndo outros complementos.

POLA BANCADA SOCIAL, dende a CIG, mantémonos no manifestado anteriormente: para nós débese negociar o convenio no seu conxunto e só para melloralo laboral e salarialmente (recuperación IPC perdido de máis dun 10% e garantía futura do mesmo con cláusula de revisión salarial). As demais OO.SS insisten no que dixeron anteriormente sobre responder na seguinte mesa. CCOO e USO retiran as propostas feitas na mesa anterior.

Próxima mesa de negociación está convocada para o 3 de abril en ACADE ás 10:30h.



REFLEXIÓN DA CIG-ENSINO:

Unha perda de tempo, un desprezo e unha falta de respecto... aos/as traballadores/as.

Dende a CIG-Ensino facemos un chamamento ás demais OO.SS. para loitarmos por un convenio digno tal e como nolo están a demandar os nosos traballadores/as, dispostos a mobilizarse e até chegar á FOLGA de facer falta.

Esperemos que aquelas verbas dalgúns “mobilizar e dignificar o sector” non caian en saco roto.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasanteria 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal